

MANUEL MURGUÍA



*O Día das Letras
Galegas está
adicado este ano
a Manuel Murguía,
pioneiro na
investigación da
Historia de
Galicia e figura
clave no
nacemento do
pensamento
rexionalista*

O PATRIARCA

Debuxo de Jano Muñoz



Don Manuel, o escritor

Xulio Valcárcel

N a súa mocidade, Murguía quiso ser escritor. Nos ambientes literarios nos que se move predomina a estética romántica. Espronceda e Byron son dos dos seus aurores admirados. Así empezou como poeta. Por volta dos vinte anos publica no periódico "La Oliva", o seu poema máis coñecido, "Nena das soidades".

Sen embargo, esta primeira vocación poética non tería inmediata continuidade e será necesario agardar case coarenta anos para encontrar unha nova entrega poética, a única que fixo en libro, titulada "En prosa", que viu a luz na Coruña. Téñense esgrimido razóns de tipo económico: o estudante Murguía dedicaba máis horas as súas inquietudes intelectuais que ás preceptivas tarefas académicas e os malos resultados escolares

orixinaron unha tensa relación co seu pai, que pechou a billa das provisións. "Pasó en madrid días de astinencia y durmió muchas noches en los bancos de Oriente", dinos Julio Nombela, vendéndose Murguía obrigado a sobrevivir escribindo outras cousas. pero tamén cabe interpretar ese prolongado aandono do xénero lírico como asunción das propias limitacións, en contraste co talento magnífico de Rosalía. A poeta era ela, así había que aceptalo e darlle azos e apoiola, como fixo.

As necesidades económicas e a adaptación ao gusto dominante da época levaron a Murguía á escrita dunha serie de obras estéticamente anticuadas nas que

predomina o melodramatismo, o sentimentalismo chorón. Murguía convértese nun escritor de folletín, publicando directamente a novela ou facendo sucesivas entregas. Característico deste xénero é que todo o artificio narrativo se dirixe a con mover ao lector (lectora máis ben porque as principais destinatarias desta literatura eran as rapazas da burguesía, de gustos inxénuos), deixando nun segundo plano problemas de arquitectura narrativa. Velaí a Murguía.

De 1856 é "Desde el cielo", un dos seus maiores éxitos. Novela ambientada nas orelas do Ulla con todos os ingredientes da novela romántica.

Este soporte espacial de paisaxesondadas e acolledoras, lu-

gares de calma traspassados por atmósferas de soidade e de misterio, aparece tamén noutras novelas súas, como "El ángel de la muerte" (1857), que ten estrutura epistolar, ou "La mujer de fuego" (1859). de carácter histórico pero incardinada tamén no folletín é "D. Diego Gelmírez" (1859), na que se relatan os amores de dous enamorados entre toda a parafernalia medieval de castelos, trovadores, doncelas e murallas. Non podemos deixar de citar outras obras, como "Olivia" (1859) ou "La primera Luz", do mesmo ano, de carácter pedagógico, no que Murguía acepta e proclama a diferencia ideomática dos nenos galegos.

Das múltiples facetas que reúne o Patriarca na súa obra, sendo valiosa non é a literaria a máis importante. A súa maior aportación veu do campo do ensaio, como historador, como ensaísta no senso máis amplo: polemista, conferenciante, ideólogo... articulista. Ese é o seu legado.



Soto Freire editou a Historia de Galicia de Manuel Murguía

Arqueólogo

M. Martín

H ai unha faceta deste intelectual que a penas se ten estudado: arqueólogo.

A actitude murguiana, este interese exaltado pola arqueoloxía, resulta absolutamente singular no contexto da Galicia do seu tempo.

Dada a enorme importancia outorgada ós restos arqueolóxicos, o noso historiador non pode menos que laia-la deplorable destrución do patrimonio. Por iso "se hace necesario que las autoridades superiores de las cuatro provincias declaren monumentos nacionales tanto las mámoas como los castros y demás monumentos célticos".

Murguía supón un salto revolucionario sobre os investigadores galegos anteriores; a partir del, os traballos dos arqueólogos galegos comezarán a achegarse ó nivel dos realizados fóra das nosas fronteiras.

Unha lista Interminable

LITERARIAMENTE, GALICIA FOI SEMPRE UNHA TERRA FÉRTIL.

DESDE A IDADE MEDIA ATA HOXE LEVA PRODUCIDO GRANDES ESCRITORES QUE ENRIQUECERON A NOSA LINGUA, DÁNDOLOS FAMA UNIVERSAL.

UNIÓN FENOSA SÚMASE A ESTA CELEBRACIÓN CON TODA GALICIA, DESEXANDO QUE ESTA MAGNÍFICA TRADICIÓN CULTURAL DURE POR SEMPRE.



COMPOSTELA 2000



UNIÓN FENOSA